



**Árbore
Conmemorativa**

Acivro femia casada no ano 1988 co acivro macho que ten ao seu carón. A simbólica voda foi oficiada por D. Gustavo Varela Gutiérrez de Caviedes, mestre da natureza que a trouxo do seu pazo, o Pazo de Lens (Almes).

Acivro do voluntariado. Árbore plantada no ano 2019 en conmemoración dos vinte anos da creación do Servizo Municipal de Voluntariado.



ACIVRO

"Acivro do pazo de Lens"

Ilex aquifolium

*SABÍAS QUE...? A planta do acivro é usada, xunto co "muérdago" (*Viscum album*), como adorno nas casas durante as datas do Nadal. Usábase tradicionalmente no inverno no norte e centro de Europa, xa que adoita ter froitos nesa época. Posteriormente este costume estendeuse a outros países a mediados do século XX, entre eles España en 1930.*

Da familia das Aquifoliáceas, é unha planta centroeuropea e mediterránea, que non chega moi ao norte en Europa. Tamén se atopa no noroeste de África e sueste de Asia. Na Península é máis abundante na zona setentrional e a medida que se descende en latitude vaise acantonando nas serranías e áreas montañosas.

Nome común: Acebo (cast.); Acivro (gal.); Common Holly, English holly, European holly (ing.).

Etimoloxía:

- Ilex: nome xenérico que era o nome designado en latín para unha especie de *Quercus* (*Quercus ilex*) comunmente chamada aciñeira, que ten unha follaxe similar ao acivro europeo, e ocasionalmente confúndese con el
- aquifolium: epíteto latino composto por aqui, de acus, -uus, agulla, e folium, -ii folla, co sentido de "follas picantes"

Descrición da especie: Arbusto - árbore moi densa e ramosa que pode alcanzar ata os 12 m de talla. O tronco é recto e o porte piramidal. A cortiza e ramas son grises e lisas. As súas follas son persistentes, simples, pecioladas, alternas, con forma ovalada e, como calidade máis característica, cun bordo fortemente espiñento nos exemplares novos e nas ramas máis baixas nos adultos e, nin espiñentas lateralmente, nin coriáceas e de cor moito máis clara as mozas das ramas superiores destes últimos. O que a diferencia das da "coscoja" (*Quercus coccifera* L.), é que son moito máis pequenas e clariñas, e das da aciñeira, que son algo menores e teñen o envés veludo. Existe exemplar macho e exemplar femia. Os machos teñen unhas flores esbrancuxadas que adoitan pasar desapercibidas, pero as femias, tras a fecundación, producen un froito pouco carnoso (drupa), globoso/elipsoidal centimétrico, de cor verde nun primeiro tempo e logo dunha cor vermella brillante ou amarelo vivo, que madura moi tarde -cara a outubro ou novembro- e que permanece moito tempo na árbore, a miúdo durante todo o inverno. Contén no seu interior catro ou cinco sementes (pirenos).

